

1. Criterios xerais para a avaliación do alumnado

1.1. Criterios para o tratamento de materias pendentes	<p>O alumnado que promociione con materias sen superar deberá seguir un PLAN DE REFORZO.</p> <p>Será elaborado polo profesorado que imparte a materia, baixo as directrices do Departamento e co coñecemento do profesorado titor.</p> <p>Debe incluír:</p> <ul style="list-style-type: none">a) Identificación da alumna ou do alumno.b) Información relevante sobre a materia ou as materias sen superar.c) Currículo a desenvolver, con especificación dos criterios de avaliación.d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.e) Recursos necesarios para o seu desenvolvemento.f) Tarefas a realizar, coa debida temporalización.g) Seguimento e avaliación.h) Acreditación da información á familia <p>En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan de reforzo e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que procedan.</p> <p>Na sesión de avaliación final do curso o profesorado da materia pendente decidirá sobre a súa avaliación.</p> <p>O/a alumno/-a deberá obter avaliación positiva no plan de reforzo correspondente, o que se terá en conta a efectos de promoción e/ou titulación.</p>
1.2. Criterios de promoción do alumnado de curso/etapa	<p>Acadará a promoción dun curso a outro o alumnado que superase as materias ou os ámbitos cursados ou teña avaliación negativa nunha ou dúas materias, considerándose para o cómputo as materias non superadas do propio curso e as de cursos anteriores.</p> <p>Ademais, o equipo docente poderá decidir a promoción dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran todas as condicións seguintes:</p> <ul style="list-style-type: none">a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.b) Que o equipo docente considere que a natureza das materias non superadas lle permite seguir con éxito o curso seguinte.c) Que o equipo docente considere que ten expectativas favorables de recuperación.d) Que o equipo docente considere que a devandita promoción beneficiará a súa evolución académica. <p>Nese caso, ha de elaborarse un informe que xustifique a decisión de promoción ou non promoción.</p>

<p>1.3. Criterios obtención do título de ESO</p>	<p>Obterá o título de graduado en educación secundaria obrigatoria o alumnado que supere todas as materias ou ámbitos cursados. O equipo docente da alumna ou do alumno tomará esta decisión na sesión de avaliación final dun xeito colexiado.</p> <p>O equipo docente poderá decidir a obtención do título por parte dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguintes:</p> <p>a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.</p> <p>b) Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno adquirise as competencias establecidas.</p> <p>c) Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno alcanzase os obxectivos da etapa.</p>
<p>1.4. Criterios para a obtención do título de Bacharel</p>	<p>Para obter o título de bacharel cumprirá a avaliación positiva en todas as materias dos dous cursos de bacharelato.</p> <p>OBTENCIÓN EXCEPCIONAL DO TÍTULO DE BACHAREL</p> <p>Excepcionalmente, o equipo docente poderá decidir a obtención do título de bacharel por unha alumna ou un alumno que superase todas as materias agás unha e sempre que se CUMPRAN TODAS as CONDICIÓNNS seguintes:</p> <p>a) Que o equipo docente considere que a alumna ou o alumno alcanzou as competencias e os obxectivos vinculados a ese título.</p> <p>b) Que non se produciu unha inasistencia continuada e non xustificada por parte da alumna ou do alumno na materia.</p> <p>c) Que a alumna ou o alumno se presentou ás probas e realizou as actividades necesarias para a súa avaliación, incluídas as da convocatoria extraordinaria.</p> <p>d) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias da etapa cursadas que como mínimo se requiran para a obtención do título pola modalidade pola que se remata sexa igual ou superior a cinco. Neste caso, para os efectos do cálculo considerárase a nota numérica obtida na materia non superada.</p>